

Baseado en SÍTeFiLo (<http://www.mariovaldez.net/software/sitefilo>)

Este módulo unicamente crea os arquivos necesarios para permitir o acceso dos usuarios das distintas páxinas, cabe sinalar que **non utiliza bases de datos** o que simplifica enormemente a instalación no servidor (simplemente hai que copiar unha carpeta).

Baséase nunha xerarquía, Coordinador (administrador) -> profesorado ->alumnado asociado a cada profesor.

**Coordinador:** Nun principio aínda non se atopa asociada ningunha funcionalidade para esta figura pero está previsto que en sucesivas versións esta figura actúe como administrador dos usuarios, editando, borrando ou dando de alta usuarios dende a propia web.

**Profesorado:** Debe **de introducir**, polo menos, **os datos dun profesor**. Debe de indicar o nome completo (é o nome que aparecerá cando se acceda a unha páxina), o **nome de usuario** e o seu **contrasinal**, recoméndase, nestes dous últimos **datos non usar eñes, acentos ou espazos en branco**. Cando teña introducidos todos os datos pulsen sobre o botón de aceptar. Se quere introducir máis profesores só debe de repetir o proceso.


⊖ Este botón permítelle borrar o profesor seleccionado na táboa.

**Cursos e grupos:** Tamén **debe de introducir**, polo menos, **un curso e un grupo**. Por exemplo podemos introducir os cursos "Primeiro" e "Segundo" e os grupos "A" e "B", independentemente de que só teñamos un "Primeiro" ao que asignaremos a letra **A**. O proceso é semellante á introdución de profesorado.


Unha vez introducidos os grupos debemos de ir a "**Alumnos e alumnas**" onde temos dúas formas de introducir datos:


a. - Tecleando directamente cada alumno ou alumna: (idem profesorado).

b.- Dende un arquivo de texto: Para axilizar a entrada de datos do alumnado pode recorrer a un arquivo de texto plano (txt, por exemplo os que crea o caderno de notas de Windows) nos que **en cada liña, como mínimo, está o nome e apelidos de cada alumno, así como o nome de usuario separado por unha coma** do "nome e apelidos", tamén se pode ter outros datos como o curso, grupo, contrasinal e/ou profesor (aínda que estes tres NON son obrigatorios para este proceso xa que se poderán introducir posteriormente). Serí algo parecido a:




Pense que este arquivo é moi doado de crear a partir dos programas de xestión académica do centro.

Para cargar este arquivo debemos, nas pestana de "Alumnos e alumnas" pulsar sobre o seguinte botón , este botón NON aparece se previamente non se introduciu polo menos un profesor, un curso e un grupo. Unha vez seleccionado o arquivo aparecerá a seguinte pantalla:



Nº	Nombre completo	Nombre usuario/a	Contraseña	Curso	Grupo	Profesorado
1	José González González	iose	Primero	A		
2	María Pérez Pérez	maria	Primero	A		
3	Antonio Pérez González	antonio	Segundo	A		
4	Juan Manuel González Fernández	juanma	Segundo	B		

Observe que no noso exemplo tanto o nome completo como o nome de usuario/a aparecen na columna correcta pero que o curso e o grupo están "debaixo" de "Contraseña" e "Curso", isto non é ningún problema, simplemente debemos de cambiar eses valores nos "títulos das columnas", quedando do seguinte xeito:



Primero	A	Contraseña	Profesorado
Primero	A		
Segundo	A		
Segundo	B		

Contraseñ

aleatoria  
 nome + nº  
 nº + nome  
 todos igual

José Manuel Bouzán

Fíxese que, ao realizar os cambios, cada columna debe de ter un valor distinto.

No noso caso non temos nin contraseñal nin profesor de cada alumno, se se fixa, na mesma columna destes datos ao final preséntanos a posibilidade de xerar eses contraseñais e asignar un profesor a todos os alumnos (o mesmo acontecería se o ficheiro non tivese datos do curso e/ou grupo).

No caso do contraseñal os valores son:

Aleatoria: o programa xera unha distinta para cada

usuario.

Nome + nº: Crea un contraseñal co nome de usuario e o número que ocupe na lista (invértese a orde se se selecciona (nº + nome).

Todos igual: daría ao contraseñal de todos os usuarios o valor que vostede introduza no recadro.


Ao pulsar no botón de aceptar os datos serán pasados á táboa de alumnado, no caso de que xa existise o nome dun usuario, o programa automaticamente engade o número de orde ao nome de usuario para diferencialo do xa existente, Es moi importante que **non existan dous usuarios (profesores e alumnos) con nomes de usuario iguais**. Non obstante teña presente que estes datos poden ser modificados na táboa de alumnado seleccionado o alumno e pulsando sobre o botón de editar.

**Gestión de usuarios**

Profesorado | Curso | Alumnos y alumnas:

	Nombre completo	Nombre usuario/a	Contraseña	Curso	Grupo	Profesorado
1	José González	jose	1jose	Primero	A	José Manuel Bouzán
2	María Pérez Pérez	maria	2maria	Primero	A	José Manuel Bouzán
3	Antonio Pérez González	antonio	3antonio	Segundo	A	José Manuel Bouzán
4	Juan Manuel González Fernández	juanma	4juanma	Segundo	B	José Manuel Bouzán

Fíxese que neste gráfico se está a elixir o curso "Primeiro", cando se faga clic sobre el, na táboa unicamente se verán aqueles alumnos o curso da cal sexa "Primeiro". **Neste caso**, cando creemos os arquivos para a "xestión de usuarios" (explícase máis adiante), **unicamente se introducirán os alumnos do curso "Primeiro"**, é dicir que **a partir da mesma táboa se poden xerar distintos grupos de usuarios**. Observe que tamén podemos limitar o grupo e/ou profesor.

Existe ademais o botón de crear un ficheiro de usuarios  o labor da cal é obter un arquivo de texto no que se inclúen os datos de cada usuario, así o profesor pódoo imprimir e dar a cada alumno os seus datos.

Unha vez finalizado o proceso de introdución de datos de usuarios queda por determinar o aspecto que terá a ventá na cal cada usuario vai ter que entrar (log-in), isto realizámolo na pestana de "Mensaxes".

No apartado de páxina web pode consignar un título así como un comentario no que, por exemplo, se explique o labor desta páxina, observe que opcionalmente tamén pode colocar un fondo de páxina (en Internet pode atopar moitos destes arquivos para fondos).

Na "Área Visible": debe de introducir "de arriba abaixo":

**Área visible:**

Ancho 300 pixels

Data Verdana, Geneva, sans-serif 14

 Nombre usuario/a User Verdana, Geneva, sans-serif 14

 Contraseña Pass Fuente Fondo

Enter 14

 Usuario/Contraseña incorrecto 14

1. - o **ancho** que vai ter o recadro no que o usuario introducirá o seu nome e contrasinal.
2. - **Data**: cabeceira para a introdución de datos. Por exemplo "Datos do usuario:.". Á dereita pode determinar o tipo de fonte, tamaño, cor e sombra para esta etiqueta.
4. - **Nome de usuario/a**: Texto que aparecerá no campo reservado para este dato, pode cambiálo por algo como "Escribe aquí o teu nome de usuario".
5. - **User**: Mensaxe que aparecerá no caso de que o usuario non escriba nada neste campo.


6. - **Contrasinal - Pass:** O mesmo que para o nome de usuario. Observe que á dereita pode realizar tamén cambios no aspecto destes campos e as mensaxes correspondentes.

7. - **Enter:** Etiqueta para ou botón de "entrada". Á dereita está o tamaño da letra e as cores que se mostrasen "en estado normal" e cando o rato se atope "enriba" do botón.


Observe que tamén pode modificar a mensaxe que aparece cando usuario e/ou contrasinal non son correctos.

#### **CREAMOS OS ARQUIVOS (GARDAR E PUBLICAR):**

Unha vez que se introduciron todos os datos deben, como no resto de actividades e páxinas que crea Ardora, **gardar** o noso traballo (menú "Arquivo - Guardar ou directamente no botón cun disket), así podemos recuperar e modificar datos se fose necesario. Por outra banda debemos de crear os



Primeras letras para el nombre de los archivos

Destino  

archivos necesarios (publicar), neste caso, e dado que son varios os arquivos que se van crear, debemos de ter cubertos os seguintes datos na pestana de "Introduza os datos".

No primeiro dato indicamos as primeiras letras que van ter os arquivos creados e no segundo indicamos o "lugar" onde se van crear. No noso exemplo creárase unha carpeta chamada "primeiro" no disco "D". O único que ten que ter presente é que cando cre "unha páxina en servidor", como imos facer no seguinte punto, á hora de indicar para que usuarios vai estar dispoñible vostede unicamente terá que indicar esta carpeta. Teña presente tamén que esta mesma carpeta é válida para cantas páxinas en servidor queira crear.